



María Xosé Queizán

© Diario de Pontevedra

1939, Vigo, Pontevedra, Galicia

Escritora, catedrática de lingua e literatura galega e figura relevante do feminismo.

Catedrática de Lingua e Literatura Galegas. Iníciase como articulista no diario *El Pueblo Gallego* de Vigo, xénero que fomentará sempre en xornais e revistas até a actualidade.

Escritora polígrafa, cultiva a narración (novelas e relatos), ensaio, poesía, teatro, biografía, dramaturxias (varias no teatro experimental da Asociación da Prensa de Vigo ou como creadora do Teatro Popular Galego, na Asociación Cultural de Vigo, onde dirixiu a obra de J. P. Sartre *A puta respectuosa* no ano 1968, no teatro García Barbón). Realizou tamén guións de cine e de vídeo (dous foron premiados), traduciu a Marguerite Yourcenar, Karen Blixen, Charlotte Perkins Gilman, Emilia Pardo Bazán, varias escritoras canadianas e 8 poemas de trobairitz, entre outras. Tamén é editora (*Festa da Palabra Silenciada* e *As Literatas en Xerais*), labor polo que recibiu o Premio da Asociación Galega de Editoras (2019).

Pioneira do movemento feminista galego, María Xosé Queizán participa na creación da Asociación Galega da Muller en 1975, e anos despois funda o grupo de Feministas Independentes Galegas (FIGA), que, desde unha ideoloxía marcadamente nacionalista, espalla as ideas e as propostas feministas, especialmente as de tipo cultural. Unha manifestación desta militancia feminista foi a creación dunha revista elaborada exclusivamente por mulleres *Festa*



Tertulias Literarias

da Palabra Silenciada, en 1983 que serviu de canle á creación de novas autoras, ao tempo que salientou a bora das mulleres en xeral: escritoras, pintoras, arquitectas, fotógrafas... sen restriccións ideolóxicas.



Como narradora deu á luz as seguintes novelas: «A orela no buraco» (1965), «Amantia» (Xerais 1984), «A semellanza» (1988), «O segredo da Pedra Figueira» (Xerais 1989), «Amor de tango» (Xerais 1992), «O solpor da cupletista» (Xerais 2003), «Ten o seu punto a fresca rosa» (Xerais 2000), «Meu pai vaite matar» (Xerais 2011), «A boneca de Blanco Amor» (2014) e «Son noxento» (Xerais 2015), o volume de relatos «Sentinela, alerta!» (Xerais 2002) e a biografía «Emilia Pardo Bazán. Unha nena seducida polos libros» (Xerais 2014).

Como poeta é autora de: «Metáfora da metáfora» (1991), «Despertar das amantes» (1993), «Fóra de min» (1995), «Non o abras como unha flor» (Xerais 2004) e «Cólera» (Xerais 2007). Froito da súa actividade teatral son a traxedia «Antígona, a forza do sangue» (Xerais 1991), o drama «Cartuxeira» (2008) e a comedia «Neuras» (2008).

Como ensaísta publicou: «A muller en Galicia» (1977), «Recuperemos as mans» (1980), «Evidencias» (Xerais 1990), «Escrita da certeza» (1995), «Misoxinia e racismo na poesía de E. Pondal» (1998), «Racionalismo político e literario. Conciliar as Ciencias e as Humanidades» (Xerais 2004), «Anti natura» (Xerais 2008), «Mary Wollstonecraft Shelley e a súa criatura artificial» (Xerais 2011), «Rosalía de Castro e o poder sexual» (Xerais 2017) e «Despoxos e vísceras ilustres» (Xerais 2019). As súas memorias están recollidas en «Vivir a galope» (Xerais 2018).


Outros premios: Alecrín, Parque en Vigo, Letra E de Galega na súa terra da AELG (da que tamén foi nomeada socia de honra), Mulleres Destacadas (1993), Premio Voz da Liberdade do Pen Club (2011), 1º Premio de Mulleres en Acción do Grupo de Mulleres da Mostra Internacional de Teatro de Cangas (2012), Premio Irmandade do Libro (2013), III Día das Galegas nas Letras, A Segra (2016), Premio da Cultura Galega na modalidade de Letras da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia (2016), Premio Lois Peña Novo (2017), Otero Pedrayo (2018), Ernestina Otero (2019), entre outros.





Tertulias Literarias

A visión feminista de María Xosé Queizán está presente en toda a súa obra de creación, poética, dramática e narrativa, impondo argumentos, modulando o seu desenvolvemento ou transmitindo as súas ideas en defensa dos valores e da liberación da muller. É unha escritora comprometida coa situación das mulleres porque, para ela, “na herencia histórica que aceptamos, a cultura en xeral é masculina. As institucións non funcionan para nós e estamos excluídas do sistema económico imperante (...) Carecemos de cultura, de historia e de lingua. A lingua, a expresión da realidade, é como a sociedade, patriarcal”.



En “Amor de tango” (1992), protagonizada por mulleres, a autora narra a historia de tres amigas a través da lembranza dunha delas na súa etapa de madurez mentres pasea polas rúas de Vigo, a súa cidade de sempre.

Unha narradora omnisciente modaliza a historia e dirixe o comportamento dos personaxes, converténdoo en protavoces das súas ideas. A novela está enfiada coa historia do apaixonado amor da protagonista-narradora polo seu tío Chinto, emigrante arxentino que lle aprende a bailar o tango. Pero, en realidade, é moito máis; trátase dun relato social que recrea a realidade urbana de Vigo nunha longa etapa que vai da década dos anos vinte á dos corenta, mostrando o ambiente social e político da cidade na vida cotiá das traballadoras da salga do peixe e das mulleres da alta burguesía.

“Amor de tango” presenta un equilibrado intercambio de planos temporais baseado no estilo indirecto e no monólogo interior. A través dos extensos diálogos que reproducen as conversas no traballo e nas tertulias, coñecemos o pensamento e a diferente ideoloxía das mulleres. Historias de amor mestúranse con acontecementos sociais e políticos daquela etapa tan movida políticamente. Pasan pola narración sucesos do reinado de Alfonso XIII, da proclamación da II República, do alzamento fascista e, sobre todo, da Guerra Civil e das súas consecuencias. Ese trágico conflito será determinante no comportamento dos personaxes e no seu destino final. Pero a novela é, fundamentalmente, unha historia interesante de mulleres, protagonizada e observada desde a óptica feminista.

Fontes: <http://consellodacultura.gal/persoa.php?id=3227> <https://www.xerais.gal/autores.php?tipo=autores&id=122598>

Proxecto Galicia. Tomo XXXIV: literatura (ed. Hércules, 2000)

Diccionario da Literatura Galega. Tomo I: autores (ed. Galaxia, 1995)



María Xosé Queizán: "Unha non é o que se considera, é o que é" (G24.gal, 2018)

Repasa os álbums de fotos da súa vida. Acaba de publicar as súas memorias. Setecentas páxinas para 79 anos en que demostrou Vivir a galope. María Xosé Queizán asegura que non quixo facer un axuste de contas, só contar a súa vida. Mais esclarecer unha vida e iluminar as dos demais, dicía Simone de Beauvoir.

"Ou non escribo as miñas memorias ou escribo o que eu vivín, entón... sálvese quen poida".



Naceu en Vigo, filla póstuma dun avogado republicano que morreu loitando no bando nacional. A súa grande herdanza foron os libros e revistas que lería de nena naquel Vigo da posguerra. Criouse cunhas mulleres que non encaixaban na época.

"Na miña familia había ben pois unha especie de liberdade en maneiras de compostarse diferentes ás que tiñan as casas fascistas daquel momento con señoras da sección feminina e cousas desas".

Cando tiña dez anos, a nai casa cun alto funcionario de prisións, o que a leva a vivir nos cárceres de Vigo, Cáceres e Xixón, onde descobre a crúa realidade das cadeas franquistas.

"A fame era tan espantosa que daquel lugar saía un dous presos mortos cada día e eu vía aquilo dende unha fiestra. Eu miraba como saían e era horrible".

Un momento crucial da súa formación foi a chegada ao París do existencialismo. Unha viaxe da escuridade da ditadura de Franco á Cidade da Luz. Alí atópase cos novos xeitos de narrar, que se axustarían ás súas conviccións materialistas. Escribe a súa primeira novela: A orella no buraco.

"Eu cando fun a París era existencialista, e logo en París cambiei. Lin o Nouveau Roman e xa pasei a escribir a miña primeira novela obxectalista porque isto caeu mellor en min". "Non concibo a influencia sobre un campo baleiro. Hai un negativo que no meu caso era a tendencia materialista e aquilo veume moi ben porque era todo materia".



Tertulias Literarias

Doce anos vertixinosos: o seu matrimonio co tamén escritor Xosé Luís Mendez Ferrín e o nacemento dos seus dous fillos coinciden cunha intensa actividade cultural e política. Será actriz, galerista, escritora, ama de casa.

Todo iso acontecía durante a resistencia á ditadura. Vivía vixiada, a súa vivenda rexistrada. O seu marido acabaría na cadea.


Porque non nos xogabamos o traballo, xogabamos a vida en último extremo e en primeiro a cadea, e as persecucións e a angustia. Aquilo si que era forte.

E, de súpeto, o silencio. Queizán lembra e a ruptura matrimonial, que implica unha perda de amizades. Os seus camaradas nacionalistas de esquerdas tampouco comprenden o feminismo. A sociedade dálle as costas.

"Era a primeira vez en Vigo que houbo unha separación de dúas persoas coñecidas. Había un rexeitamento moi grande por parte da xente, unhas miradas, unhas cousas... eu ía pola rúa como se fose María Magdalena".

A nova vida da escritora implica un forte compromiso co feminismo. Amizades renovadas de distintas clases sociais e novas perspectivas. Queizán convértese nunha personaxe incómoda para o establishment da dereita pero tamen da esquerda. Funda a revista *A festa da palabra silenciada* e colectivos como Feministas Independentes Galegas.

"Eu son lesbiana antes de coñecer ningunha muller, nin gustarme ningunha muller nin ver nada con ningunha muller. Eu son lesbiana o día que decido que non quero ter nada cos homes".



Dez novelas, 13 ensaios, sete libros de poesía e seis obras de teatro, dous libros infantís e dous guións cinematográficos. Unha nutrida obra xornalística. A voz de Queizán nunca puido ser silenciada.

"Unha non é o que se considera, é o que é. Logo as demais considéranla e unha acepta certas consideracións, outras non. En realidade, non hai nada que te propoñas de antemán, eu non me propuña ser unha rebelde, pero érao".

Di que a súa vida foron moitas vidas. O último episodio é este libro, estas memorias que xa son controvertidas, quizais outra consecuencia de *Vivir a galope*.



15

Fonte: <https://www.crtvg.es/informativos/maria-xose-queizan-unha-non-e-o-que-se-considera-e-o-que-e-3977330>



Tertulias Literarias

Para saber máis:

<https://revistaseug.ugr.es/index.php/sociocriticism/article/download/5617/5234> (**Amor de tango** de María Xosé Queizán y los discursos feministas de la Transición desde una perspectiva sociocrítica, por Maria Boguszewicz. Universidade de Varsovia, Polonia. Formato pdf, 23 páxinas)

https://www.eldiario.es/galicia/ideologia-mujeres-parir-vuelta-siglos_1_5714318.html
(entrevista eldiario.es, 2013)

<https://baiaeditions.gal/editorial/maria-xose-queizan-o-sistema-era-patriarcal-non-pintaban-nada-estaban-recluidas-no-mundo-domestico-eran-nais-e-esposas/> (entrevista Baía edicións)

<https://amovida.gal/maria-xose-queizan-viguesa-do-mes-de-marzo-2019/> (entrevista en amovida.gal)

<https://temposdixital.gal/sociedade/entrevista-maria-xose-queizan/> (entrevista en Tempos Dixital)

*O copyright das imaxes utilizadas pertence aos/ás seus/súas respectivos/as autores/as

